

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN ANDREA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DENOMINADO “SOPORTE VITAL A FAMILIAS CON NENAS/NENOS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN OU TERMINAIS CON ESCASOS RECURSOS ECONÓMICOS”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación Andrea o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e a mencionada fundación para o desenvolvemento dun programa denominado “Soporte vital a familias con nenados/os con enfermidades de longa duración ou terminais con escasos recursos económicos”, que consiste basicamente no apoio e axuda psicolóxica, terapéutica e de mantenza a estas familias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, considera conveniente a sinatura dun convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa denominado “Soporte vital a familias con nenados/os con enfermidades de longa duración ou terminais con escasos recursos económicos”. O carácter singular deste instrumento, sen convocatoria pública, xustifícase na exclusión da concorrência pois a Fundación Andrea é a única entidade a nivel autonómico que desenvolve este tipo de actuacións, o que fai que non sexa posible promover a concorrência pública de cara á concesión dunha subvención para tal fin.

A Fundación Andrea ten como obxectivo básico a atención e o apoio económico, moral, informativo ou de calquera outra natureza ás familias que, contando con escasos recursos económicos, teñan que coidar ás súas fillas e fillos nas enfermidades que poidan padecer. Neste ámbito, desenvolve una fonda labor social que pretende facilitar solución e axudas áxiles ante situacións de carencias inmediatas.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 23 de maio de 2016.

